



Deputación
DA CORUÑA

IV CIRCUITO PROVINCIAL DE CARREIRAS POPULARES DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

ARTIGO 1º.- CALENDARIO DE PROBAS

O IV Circuito Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña, desenvolverase durante o ano 2016 e estará integrado por 30 carreiras populares. No seguinte cadro indícanse as datas, lugares e denominación. En todas as probas desenvolveranse carreiras para todas as categorías: dende as inferiores ata as veteranas.

Proba	Data Prevista	Concello
V Carreira Popular Ría do Burgo	05/06/2016	Culleredo
III Carreira Pedestre PR-G148	12/06/2016	Ponteceso
XII Carreira Pedestre A Silva	18/06/2016	Cerceda
VI 10km Carballo	19/06/2016	Carballo
III Carreira Pedestre Concello de Cee	25/06/2016	Cee
III Carreira Popular Concello de Curtis	02/07/2016	Curtis
III Carreira Popular Concello de Muxía	10/07/2016	Muxía
V Corresán Nocturna Cidade Vella	16/07/2016	Santiago de Compostela
XXV Milla Urbana Concello de Ares	06/08/2016	Ares
V Carreira Popular de Ortigueira	13/08/2016	Ortigueira
XXVII Carreira Popular Concello de Cambre	15/08/2016	Cambre
VIII Carreira Popular San Bartolomé (Cariño)	20/08/2016	Cariño
XXV Carreira das Areas de Carnota	21/08/2016	Carnota
XXV Carreira Popular de Betanzos	23/08/2016	Betanzos
V Carreira Nocturna Corre por Ferrol	27/08/2016	Ferrol
VII Carreira Popular Concello de Pobra	28/08/2016	Pobra do Caramiñal
XXI Carreira Popular de Ordes	11/09/2016	Ordes
XV Carreira Popular Vila de Corcubión	17/09/2016	Corcubión
V Milla Urbana Concello de Valdoviño	18/09/2016	Valdoviño
III Carreira Popular Dolmen Dombate	24/09/2016	Cabana de Bergantiños
XIX Carreira Popular Santa Uxía de Riveira	25/09/2016	Riveira



Deputación
DA CORUÑA

XXXIV Carreira Popular da Amaia	01/10/2016	Brión
VI Carreira da Auga de Sada	02/10/2016	Sada
III Carreira Popular Concello de Fisterra	18/10/2016	Fisterra
XVII Carreira Pedestre Popular Ames	23/10/2016	Ames
IV Carreira Popular Concello de Rianxo	01/11/2016	Rianxo
XXIII Carreira Popular de Carral	06/11/2016	Carral
XXXVII Carreira Popular de Negreira	13/11/2016	Negreira
XII Mar de Boiro-Memorial Pepe Buceta	04/12/2016	Boiro
V Carreira Sin-Son 10k	18/12/2016	Porto do Son

ARTIGO 2º.- CONTROL TÉCNICO DO CIRCUITO

O IV Circuito Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña, estará controlado técnicamente pola Federación Galega de Atletismo, a través das súas Delegación en A Coruña, Santiago e Ferrol, así como polo Departamento de Estadística da FGA.

ARTIGO 3º.- CUMPRIMENTO DAS NORMAS VIXENTES

Cada unha das probas que integran o Circuito está suxeita ós criterios mínimos obrigados que se establecen oficialmente para a organización de carreiras en ruta, aprobadas pola Xunta Directiva da Federación Galega de Atletismo e publicadas na circular, número 68/2008, acorde cas actuais regulamentacións de Seguridade Vial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia que estipula os requisitos que as autoridades esixen para a autorización da celebración de probas deportivas na vía urbana (*Real Decreto 1428/2003 de 21 Novembro publicado no BOE nº 306 do 23 de Decembro do 2003 sobre a ocupación da vía pública e Real Decreto 849/1993 de 4 de Xuño do 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes, incluído o seguro obrigatorio deportivo*). Asemade, as entidades organizadoras deberán axustarse nos seus regulamentos as categorías sinaladas no artigo 4º.



ARTIGO 4º.- CATEGORÍAS DOS PARTICIPANTES

As categorías que poderán tomar parte neste *IV Circuito Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña*, son as seguintes:

	CATEGORÍA	NADOS/AS
MENORES	Benxamín	2007-2008
	Alevín	2005-2006
	Infantil	2003-2004
	Cadete	2001-2002
	Xuvenil	1999-2000
ABSOLUTA	Júnior	1997-1998
	Promesa	1994, 1995 e 1996
	Sénior	1982-1993
	Veterano 1	1977-1981
	Veterano 2	1967-1976
	Veterano 3	1957-1966
	Veterano 4	1956 e anteriores

Moi importante: As organizacións das respectivas carreiras terán a potestade de esixir o D.N.I. tanto na entrega de dorsais como na entrega de premios. Ante a ausencia de documentación ou dúbida sobre a mesma, será a organización de cada carreira quen resolva a incidencia, autorizando ou denegando tanto a participación do atleta como a entrega do premio.

ARTIGO 5º.- PRAZOS DE INSCRICIÓNS E PARTICIPANTES

O prazo de inscrición para tomar parte no *IV Circuito Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña* quedará aberto ata o mes de setembro. As inscricións en cada unha das carreiras populares pódense efectuar a través do sistema **on-line** na páxina web da FGA www.carreirasgalegas.org, agás ca organización respectiva desexa habilitar outro sistema. A listaxe de inscritos será publicado na web da FGA e actualizada diariamente.

ARTIGO 6º.- MOTIVOS DE DESCALIFICACIÓNS

As descualificacións de atletas nunha carreira levará aparellada a perda de todos aqueles puntos e premios obtidos polo atleta infractor na proba de que se trate, non se tendo en conta para os efectos de puntuación do seu equipo. Consideraranse as seguintes condutas antiregulamentarias do atleta:

- Non levar o dorsal perfectamente colocado en toda a súa extensión (no peito durante todo o percorrido) ata a súa entrada na Meta.
- Participar cun dorsal que corresponde a outro corredor
- Non pasar polos controis de carreira establecidos.
- Non realizar o percorrido de carreira completo.
- Non atender as indicacións dos membros da Organización ou xuíces.
- Entrar fóra da hora prevista pola organización como tempo máximo de duración da proba.



- Pretender participar na carreira popular sen terse inscrito previamente.
- Aquela conducta que sexa estimada como antideportiva, sempre que non sexa motivo de expulsión do Circuito.
- Calquera outras de análoga natureza, que a xuízo da Organización da carreira poida ser considerada como conducta antideportiva merecedora de sanción disciplinaria.
- Ser reincidente nalgunha infracción de descualificación de carreira.
- Realizar a inscrición alterando os datos de forma maliciosa.
- Manter unha actitude groseira, violenta, ou que en xeral atente na contra do espírito deportivo.
- Calquera outras de análoga natureza, que a xuízo do Comité poidan ser consideradas como conducta antideportiva merecedora de sanción disciplinaria.

ARTIGO 7º.- PROCEDIMENTO DE SANCIÓN

O Comité de Competición do *IV Circuito Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña* actuará, previa denuncia presentada por escrito nos 3 días seguintes á carreira onde se cometeu a infracción. Examinada a denuncia polo Comité, trasladarase dita denuncia ó interesado para, nos 5 días seguintes, realice as alegacións oportunas. Transcorrido o prazo, con ou sen presentación de alegacións, o Comité resolverá o que proceda; sendo a súa decisión única e inapelable. O Comité resérvase o dereito de actuar de oficio cando concorran causas excepcionais que así o aconsellen.

ARTIGO 8º.- NORMATIVA DE CLASIFICACIÓNS E PREMIOS

Premios do *IV Circuito Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña*. Outorgaranse premios individuais e por equipos, tras o cómputo de todas as probas que compoñen o circuito.

CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL (CATEGORÍA ABSOLUTA): Para poder optar ós premios da Clasificación Xeral individual (só na categoría absoluta), no *IV Circuito de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña*, os atletas deberán ter participado como mínimo en 11 das 30 probas.

Esta clasificación estará determinada pola posición acadada en cada carreira. Puntuarán en cada proba os/as 10 primeiros/as, outorgando 10 puntos ao 1º; 9 puntos ao 2º..... E así sucesivamente ata o 10º que sumará 1 punto. Ao final do *IV Circuito de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña* sumarase a puntuación de cada un dos participantes nas diversas carreiras para establecer a Clasificación Xeral.

CLASIFICACIÓN POR CLUBS DO CIRCUITO: Na Categoría de Clubs valorarase o número de participantes de cada club nas diferentes carreiras independentemente do posto dos seus compoñentes en cada unha delas. Esta categoría dividirase en dúas, Categoría por Clubs de Menores (cómputo total de participantes de cada club ou colexio nas Categorias Benxamín, Alevín, Infantil, Cadete e Xuvenil nas diferentes carreiras que compoñen o Circuito) e



Deputación
DA CORUÑA

Categoría por Clubs Absoluta (cómputo total de participantes de cada club no resto de Categorías nas diferentes carreiras que compoñen o Circuito).

Sistema de clasificación por clubs	
Por número de participantes en cada carreira. Outorgarase 1 punto por cada atleta do club ou colexio que finalice a proba.	Pola clasificación xerada en cada carreira. Se considerarán os/as 50 primeiros/as clasificados/as en cada categoría e proba.
<input type="checkbox"/> Benxamín 1 punto	<input type="checkbox"/> 1: 50 puntos
<input type="checkbox"/> Alevín 1 punto	<input type="checkbox"/> 2: 49 puntos
<input type="checkbox"/> Infantil 1 punto	<input type="checkbox"/> 3: 48 puntos
<input type="checkbox"/> Cadete 1 punto	<input type="checkbox"/> 4: 47 puntos
<input type="checkbox"/> Xuvenil 1 punto	<input type="checkbox"/> 5: 46 puntos
<input type="checkbox"/> Júnior 1 punto	<input type="checkbox"/> (.../...)
<input type="checkbox"/> Promesa 1 punto	<input type="checkbox"/> 45: 6 puntos
<input type="checkbox"/> Senior 1 punto	<input type="checkbox"/> 46: 5 puntos
<input type="checkbox"/> Veterano 1 1 punto	<input type="checkbox"/> 47: 4 puntos
<input type="checkbox"/> Veterano 2 1 punto	<input type="checkbox"/> 48: 3 puntos
<input type="checkbox"/> Veterano 3 1 punto	<input type="checkbox"/> 49: 2 puntos
<input type="checkbox"/> Veterano 4 1 punto	<input type="checkbox"/> 50: 1 punto

Sumaranse o número total de puntos obtidos en todas as probas do circuito e establecerase a clasificación xeral dos clubs, proclamándose vencedor do *IV Circuito Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña* o club que máis puntos obteña, e así sucesivamente. Para a clasificación por clubs será necesario que o equipo participe nun mínimo de 11 das 30 probas que compoñen o circuito tanto na Categoría de Menores (Benxamín, Alevín, Infantil, Cadete, Xuvenil (* a día da primeira xornada) coma na Categoría Absoluta (resto das Categorías, maiores de 18 anos (* a día da primeira xornada).

Ningún atleta que se inscriba nunha carreira como integrante dun Club, poderá formar parte doutro club durante o *IV Circuito Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña*, sendo este motivo de descalificación.

Se nas diversas Clasificacións do *IV Circuito Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña* adous ou máis atletas ou clubs estiveran empatados a puntos, a orde de clasificación entre eles determinarase polo maior número de primeiros postos comparados entre ambos nas diferentes carreiras disputadas, proclamándose vencedor aquel que obtivera mellores postos.

As diversas clasificacións en cada unha das probas poderanse consultar nas seguintes páxinas web: www.atletismogalego.org; www.carreirsgalegas.org ou ben na páxina oficial da Deputación Provincial de A Coruña www.dicoruna.es



PREMIOS Á CLASIFICACIÓN INDIVIDUAIS	
CATEGORÍA ABSOLUTA HOMES	CATEGORÍA ABSOLUTA MULLERES
<input type="checkbox"/> 1º: 800 euros e trofeo	<input type="checkbox"/> 1ª: 800 euros e trofeo
<input type="checkbox"/> 2º: 600 euros e trofeo	<input type="checkbox"/> 2ª: 600 euros e trofeo
<input type="checkbox"/> 3º: 400 euros e trofeo	<input type="checkbox"/> 3ª: 400 euros e trofeo
CLASIFICACIÓN POR CATEGORÍAS	CLASIFICACIÓN POR CATEGORÍAS
Trofeo ao 1º: Benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil, veterán 1, veterán 2; veterán 3 e veterán 4	Trofeo á 1ª: Benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil, veterana 1, veterana 2; veterana 3 e veterana 4
PREMIOS POR CLUBS	
CATEGORÍA ABSOLUTA HOMES	CATEGORÍA ABSOLUTA MULLERES
<input type="checkbox"/> 1º: 800 euros e trofeo	<input type="checkbox"/> 1ª: 800 euros e trofeo
<input type="checkbox"/> 2º: 600 euros e trofeo	<input type="checkbox"/> 2ª: 600 euros e trofeo
<input type="checkbox"/> 3º: 400 euros e trofeo	<input type="checkbox"/> 3ª: 400 euros e trofeo
MENORES HOMES (Conxunta)	MENORES MULLERES (Conxunta)
Benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil	Benxamín, alevín, infantil, cadete, xuvenil
<input type="checkbox"/> 1º: 150 euros e trofeo	<input type="checkbox"/> 1ª: 150 euros e trofeo
<input type="checkbox"/> 2º: 125 euros e trofeo	<input type="checkbox"/> 2ª: 125 euros e trofeo
<input type="checkbox"/> 3º: 100 euros e trofeo	<input type="checkbox"/> 3ª: 100 euros e trofeo

ARTIGO 9.- CLAUSURA

Fixarase un día para a celebración da entrega de premios e clausura do Circuito no que se entregarán os premios individuais e por equipos do *IV Circuito Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña, na sede oficial deste organismo.*

ARTIGO 10.- CLÁUSULAS ADICIONAIS

Primeira: A organización resérvase a potestade de cambiar os percorridos definidos, probas convocadas ou modificar o regulamento, circunstancias que serán comunicadas ós participantes co tempo suficiente.

Segunda: A organización de cada proba, así coma os premios e agasallos que cada organizador considere axeitado contemplar na súa proba, son independentes da organización deste Circuito, e serán proporcionados polos Concellos ou entidades organizadoras.

Terceira: Ningún atleta federado poderá competir con outro Club que non sexa o que figure na súa licenza correspondente. No caso de que se producise esta situación, o atleta será desqualificado automaticamente. Por outra banda, os atletas que sexan sancionados por dopping, tampouco poderán optar ós premios en metálico nin a clasificacións en ningunha das probas que compoñen o Circuito, nin á clasificación final do Circuito. Do mesmo modo, ningún atleta que se inscriba como



integrante dun club, poderá formar parte doutro club durante o desenvolvemento de ningunha das probas que integran o circuíto.

Cuarta: A participación no *IV Circuíto Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña* non supón ningún dereito nin privilexio respecto ás normas e regulamentos esixidos na convocatoria de cada unha das probas, polo que cada corredor/a terá que aceptar as bases que regulen as competicións de cada unha das probas que o integran.

Quinta: Cada unha das carreiras populares que formen parte do *IV Circuíto Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña* deberá estar incluída no Calendario de Probas da Federación Galega de Atletismo.

Sexta: A Federación Galega de Atletismo comprométese a apoiar e publicitar cada unha das carreiras populares que formen parte do *IV Circuíto Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña* través da WEB www.atletismogalego.org e www.carreirasgalegas.org así como no programa emitido pola TVG2 Citius, Altius Fortius (as probas que se desenrolen en época de descanso do programa, serán emitidas cando comience de nuevo el programa.)

Sétima: Cada unha das carreiras populares que formen parte do *IV Circuíto Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña* deberán cumprir os requisitos de seguridade que de seguido indicamos.

- Cumprimento das actuais normativas de Seguridade Vial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia que estipula os requisitos que as autoridades esixen para a autorización da celebración de probas deportivas na vía urbana, recollidos no Real Decreto 1428/2003 de 21 Novembro, publicado no BOE nº 306 do 23 de Decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública
- Contratación dun Seguro de Responsabilidade Civil do organizador, e un Seguro de Accidentes Deportivos para os participantes das diversas carreiras populares que formen parte do Circuíto. A Federación Galega de Atletismo porá a disposición do Organizador de cada carreira popular pertencente ó Circuíto o seu seguro de Responsabilidade Civil e facilitará un seguro de accidentes para participantes non federados (os participantes federados xa teñen o seu seguro federativo) a un custe moi reducido.
- Peche ó tráfico do circuíto.
- Vehículos de apoio.
- Sinalización do itinerario.
- Vehículo de apertura e peche.
- Servizos Sanitarios (médico e ambulancia).
- Persoal auxiliar.

Todos os atletas inscritos nas probas darán por aceptado o presente Regulamento e en caso de dúbida, sempre prevalecerá o criterio da Organización.



ARTIGO 11.- COMITÉ ORGANIZADOR

- Presidente:** Persoa designada pola Deputación Provincial de A Coruña.
- Vicepresidente:** Presidente da FGA ou persoa que delegue.
- Vocais:**
 - Un representante da organización de cada proba que compón o circuito.
 - Un representante da Delegación da Federación Galega de Atletismo en Ferrol e Santiago
 - Un representante dos concellos no que se desenvolverán as probas que compoñen o circuito.

A súa función principal será resolver aspectos organizativos para garantir o bo desenvolvemento de cada unha das probas.

ARTIGO 12.- COMITÉ DE COMPETICIÓN (Reúnese só en caso de necesidade)

- Presidente:** Representante da Deputación provincial de A Coruña.
- Vicepresidente:** Delegado da FGA en Santiago ou Ferrol.
- Vocais:**
 - Directora Técnica da FGA
 - Delegado en Coruña, Ferrol ou Santiago do Comité Galego de Xuíces
 - Tres representantes da organización de todo o circuito de carreiras.

A súa función fundamental será resolver cuestións técnicas que se produzan nas distintas probas e que podan afectar ó circuito (anomalías na participación, clasificacións, etc..)

ARTIGO 13.- DISPOSICIÓN FINAIS

Todos os participantes no Circuito, polo mero feito de realizar a inscrición nalgunha carreira popular que o integra, aceptan todas e cada unha das presentes Regras e no caso de dúbida, sempre prevalecerá o criterio da Organización do *IV Circuito Provincial de Carreiras Populares Deputación Provincial de A Coruña*.